8/2/01 Estudiantes e Asociacións

Precarios-Galicia realizará un censo de investigadores na comunidade

M. P.-C. | Vigo

Integrados na Federación Nacional de Novos Investigadores, Precarios-Galicia participou na manifestación que o pasado venres demandaba en Madrid melloras nas condicións de traballo do denominado "Persoal Investigador en Formación e Perfeccionamento".

Na mobilización presentouse tamén o manifesto da Federación e a recollida de sinaturas realizada logo de que o Congreso dos Deputados rexeitase, o pasado 20 de decembro, unha Proposta Non de Lei de Esquerda Unida para a conversión das bolsas en contratos laborais.

Segundo datos facilitados pola Policía Municipal madrileña, a asistencia de novos investigadores á marcha que finalizou perante o Ministerio de Ciencia e Tecnoloxía superou os 3.500. Dende Galicia foron case un cento os desprazados.

Neste senso, o presidente de Precarios-Galicia, Manuel Vicente, afirmou que a súa asociación "ó igual que a Federación Nacional séntese enormemente satisfeita da resposta á convocatoria e dos resultados de seguimento nos medios de comunicación". Pola contra, Precarios-Galicia considera que a reunión mantida co director xeral de Investigación e coa subdirectora xeral do Programa de Formación e Mobilidade do Persoal Investigador, no Ministerio de Ciencia e Tecnoloxía, trala manifestación, rozou o ridículo. "Solicitaron da Federación de Novos Investigadores Precarios a elaboración dun censo de bolseiros e doutros investigadores non contratados, cando é o Ministerio quen ten a obriga de coñecer e de facer públicos eses datos". Neste senso, no encontro celebrado onte entre Precarios e

o secretario de Política Científica e Tecnolóxica, Ramón Marimón, a Federación esixiu a realización do rexistro por parte dos Ministerios de Ciencia e Tecnoloxía e do de Educación, Cultura e Deporte.

Polo de agora, Precarios-Galicia comezará unha recollida de datos verbo dos investigadores, bolseiros e non contratados, que desenvolven o seu labor en Galicia. Sen embargo, sinalan que este censo terá unha utilidade unicamente interna e que as súas mobilizacións continuarán ata obteren unha resposta da Administración.

Os Ministerios continúan sen atende-las demandas de Precarios, malia o peso da investigación no estado, "paradoxicamente, España pretende situarse nunha posición punteira en materia de investigación, cando é un dos países que menos invisten nesta materia. Estratexia totalmente errada se temos en conta a mellora económica e que se contou cunha xeración de investigadores tan formados" apostila Vicente.

Máis información | Voltar | Portada de hoxe | Portada doutra data